






PREVISIÓN DE ACCESO E PROTECCIÓN DO XACEMENTO PARA A SÚA FUTURA ADECUACIÓN E INTEGRACIÓN VISUAL DOS RESTOS DENDE O ESPAZO URBANO

A proposta debe permitir unha actuación posterior que poña en valor os restos arqueolóxicos e permita a súa contemplación e visita. Evitando unha intervención que deuse enterradas as ruínas baixo toneladas de terra, apósease na creación dunha gran carcasa de formigón que sene para cobertor o xacemento, ao mesmo tempo que actúa como soporte dos espazos urbanos e axardinados situados sobre a súa cuberta; á súa vez, esta vincúlase cunha pequena zona de acceso nunha das edificacións de nova obra, coincidente coa área marcada no convenio IGVS-Ayto. Aproveitando esta ubicación da área de acceso, dispón dunha dobre altura xunto á Rúa do Moucho que, a modo de periscopio, conecta a través de dúas grandes ventás o baleiro do xacemento coa rúa do Moucho. Esta operación favorece as vistas cruzadas do xacemento desde a vía pública, revelando os distintos estratos históricos que foron conformando o vello casco histórico de Lugo. Por outra banda, conta con tres grandes fendas de luz na cuberta do xacemento que permitirán bañar de luz natural e ventilar o recinto baixo rasante. Con todo isto, conséguese que nunha intervención futura poida levarse a cabo de forma fálci e senxala a completa escavación e musealización do xacemento, ao mesmo tempo que se pon en valor a historia e xenoloxía do lugar.



INTEGRACIÓN CONTEXTUAL E REDUCCIÓN DO MANTENIMENTO A PARTIR DO USO DE MATERIAIS DE PROXIMIDADE E BAIXA PEGADA ECOLÓXICA

Partido do coñecemento do clima e da cultura material local, apósease na proximidade e trazabilidade dos materiais empregados, fomentando procesos de baixo impacto ambiental (por exemplo, maderas locais como material construtivo) e no uso de materiais de orixe natural e local (filamentos de cortiza natural, impermeabilizantes de caucho, pavimentos de pedra local, etc.), así como na utilización de materiais reciclados, tales como o zinc ou o aluminio —este último, por exemplo, empregase para todas as carpinterías, dando así unha segunda vida a un material que Galicia foi un gran exportador e cuxo volume no mercado de segunda man é considerable—. Deste xeito, todos os materiais empregados prodúcese en Galicia, nun radio máximo de 175 km da obra, conseguindo reducir as emisións de CO₂ asociadas ao proceso construtivo. O emprego destes materiais, xunto co uso de acabados de cal de orixe natural para as fachadas das novas pezas —en sintonía con boa parte das edificacións do casco histórico— e a rehabilitación da fachada de pedra do pazo, contribúen a integrar con naturalidade a actuación no contexto urbano, ao mesmo tempo que dotan de unidade e coherencia o conxunto. Finalmente, debe sinalarse que todos estes materiais aseguran un bo envellecemento fronte ao uso intensivo, adquirindo pátina co paso do tempo pero conservando a súa estabilidade e solidez, de forma que non requiren un custoso mantemento.



UN ESPAZO PÚBLICO HÍBRIDO: PLATAFORMA DE ACTIVIDADE PARA O DESFRUTE DIARIO, ESPAZO AXARDINADO E MARCO REPRESENTATIVO PARA ACCOLLER O EXTRAORDINARIO

A proposta enfatiza o carácter híbrido do novo espazo público: este debe funcionar como plataforma de actividade ao mesmo tempo que como espazo de recreo e de amortiguación climática, sen esquecer a condición representativa esbica polo singular contexto urbano e patrimonial no que se enmarca. Requirese, polo tanto, un delicado equilibrio entre zonas libres e ámbitos axardinados. Así, por unha banda, as primeiras enténdense no seu conxunto como un gran escenario urbano que aporta unha elevada flexibilidade á hora de organizar tanto o programa previsto como o imprevisto; os distintos ámbitos espaciais concatenados da proposta, que poden funcionar de forma autónoma ou combinada, dotan de gran flexibilidade e indeterminación ao espazo público. Deste xeito, 'Escena Tineria' plantéxase como un lugar flexible e de programación aberta, capaz de transformarse naquél que os veciños e autoridades demanden.

Por outra banda, os segundos —os espazos axardinados— contribúen a favorecer a biodiversidade local e a mellorar a percepción atmosférica do lugar, facendo máis confortable o seu uso e disfrute ao longo das estacións. Así, a vexetación, composta por distintas especies arbóreas e arbustivas adaptadas á climatoloxía local, aparece intercalada en forma de patrones de diferente porte que acompañan a secuencia de rampas e plataformas. Do

